



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas textuais: Poesía

Materia	Prácticas textuais: Poesía			
Código	V01G400V01965			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Angueira Vitorro, Anxo			
Profesorado	Angueira Vitorro, Anxo			
Correo-e	angueira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Prácticas de creación, crítica e edición de textos poéticos.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
C10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
C17	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Desenvolver as habilidades de creación e de crítica poética.

A1 B4 C3 D2
A2 B6 C6 D3
A5 B8 C9 D6
C10 D8
C17 D9
D10
D11
D12

Buscar un estilo propio a partir da experiencia, da práctica e da retroalimentación da aprendizaxe.

A1 B4 C3 D2
A2 B6 C6 D3
A5 B8 C9 D6
C10 D8
C17 D9
D10
D11
D12

Comprender os procesos creativo e crítico para mellorar as técnicas de expresión poética.

A1 B4 C3 D3
A2 B6 C6 D6
A5 B8 C9 D8
C10 D9
C17 D10
D11
D12

Contidos

Tema

Obradoiro de prácticas para a creación e a crítica de textos poéticos, de calquera modalidade e subxénero Poesía e música.
Poesía e ritmo.
Poesía e espazo.
Poesía e voz.

Presentación de orixinais de forma profesional segundo os estándares habituais da edición (impresa e dixital). Presentación e formatos
Edición e formatos

Comprensión do fenómeno editorial, en especial do mercado do público lector e dos instrumentos da edición profesional. Poesía e campo literario

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32	36	68
Traballo tutelado	13	36	49
Resolución de problemas	3	30	33

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O desenvolvemento da aula farase a partir de explicacións sobre cada tema nas que se vaian introducindo tamén os textos pertinentes. O alumnado semipresencial deberá asistir a sesións de titoría, que se celebrarán a razón de unha por mes, aproximadamente. Ademais, disporán en Faitic de cuestionarios, apuntamentos, presentacións gráficas e vídeos e outro material diverso que consideren os profesores.
Traballo tutelado	Serán necesarios ás veces para completar as explicacións da aula. O alumnado semipresencial deberá realizar os mesmos traballos presentándoos por escrito, via correo electrónico ou segundo acorde cos profesores.
Resolución de problemas	Na aula faremos lecturas e comentarios dos textos máis salientables, dedicándolle a última parte de cada unha das sesións, que o alumnado deberá completar con outras lecturas e comentarios suxeridos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesor responderá ás consultae ou dúbidas individuais, e fará suxestións específicas segundo os interese e aptitudes de cada alumno.

Resolución de problemas Cada traballo será titorizado individualmente polo profesor durante a súa realización (sexa por medio de titorías presenciais, sexa mediante correo electrónico, etc.). Cada alumno recibirá, a posteriori, un comentario específico sobre o seu traballo.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	As lecturas e comentarios realizados na aula, así como todas as lecturas que se vaian propondo, serán obxecto de avaliación. O alumnado semipresencial está obrigado a realizar estas probas de maneira presencial na data oficial de exames da FFT.	15		C3 D3 C6 C9 C10
Traballo tutelado	Os contidos desenvolvidos ao longo do cuadrimestre avaliaranse mediante un exame ao final do mesmo na data oficial da Facultade. O alumnado semipresencial tamén está obrigado a realizar estas probas de maneira presencial na mesma data.	70	A1 B4 A2 B6 A5 B8	C3 D2 C6 D3 C9 D6 C10 D8 C17 D9 D10 D11 D12
Resolución de problemas	O discente preparará en grupo ou en solitario comentarios de texto e informacións concisas para ser expostas na aula. O alumnado semipresencial está obrigado a realizar estas probas vía telemática no prazo que se fixe.	15	A1 B4 A2 B6 A5 B8	C3 D2 C6 D3 C9 D6 C10 D8 C17 D9 D10 D11 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado, tanto presencial como non presencial, que se presente á "segunda edición de actas" realizará unha proba por escrito (na data oficial, segundo o calendario da FFT) con contidos pertencentes a todo o temario, incluíndo:

1.- recoñecemento de textos, 2.- comentario de textos, 3.- preguntas curtas de resposta curta e 4.- preguntas longas para desenvolver.

En función do desenvolvemento do curso e da actividade desenvolvida por cada un dos discentes algún(s) destes apartados pode(n) non ser necesario(s).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Casas, Arturo, **Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000**, Tris-Tram, 2004

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise das obras centrais da literatura galega desde 1975-II/V01G400V01927

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo/V01G400V01924

Plan de Continxencias

Descrición

Mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías na docencia realizada a través das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Fatic).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudiantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.